



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MAÑÓN PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA NO LUGAR DA PONTE DE RIBEIRAS DO SOR.**

#### **1.- Competencia**

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### **2.- Antecedentes**

A colaboración entre este departamento e o concello de Mañón, enmárcase na petición formulada polo concello ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño).

#### **3.-Finalidade**

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Mañón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

#### **4.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mañón, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“ acondicionamento da praza no lugar da Ponte de Ribeiras do Sor”**.





## 5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Mañón (A Coruña) trata de promover unha actuación consistente na “**acondicionamento da praza no lugar da Ponte de Ribeiras do Sor**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O ámbito da actuación sitúase a escasos catro Km . do mar Cantábrico, e preto da Serra da Faladoira. Este enclave está situado nunha especie de val, que dá lugar a existencia de un microclima, que destaca pola súa humidade, propiciando así a existencia de plantas singulares como as camelias.

Preto desta zona encóntranse os acantilados máis altos de Europa (Limbo, Herbeira e Picón). Isto fai que, este ámbito e o seu contorno sexa un lugar de gran beleza natural.

A actuación consiste no acondicionamento da praza do núcleo rural, xa que esta presenta un estado moi deteriorado e cos usos pouco definidos.

A remodelación contempla a súa adecuación para mellorar accesibilidade co fin adecuala para os usos de convivencia dos veciños do lugar e do público en xeral, xa que no entorno existe diversas rutas de sendeirismo con un elevado interese paisaxístico.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Díaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

